

## Galeusca analiza a profesionalización da escrita

Montse Dopico 03/10/2014



Imaxe de arquivo de Galesuca. Foto: AELG

Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, Mercedes Queixas, secretaria xeral, e os relatores Leticia Costas e Suso de Toro representarán a Galicia no encontro anual da Federación Galeusca, integrada pola Asociación de Escritores en Lingua Catalá (AELC), a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e Euskal Idazleen Elkarte (EIE). Será no primeiro sábado de outubro en Barcelona.

O tema central desta reunión será 'A profesionalización do oficio de escribir e traducir', segundo informa a AELG nunha nota de prensa. Presentarase o estudo do CoNCA "36 propostas para a mellora da condición profesional no mundo da cultura" e o estudo, realizado pola AELC, "Escribir en catalán: estado da profesionalización. Os efectos da crise económica sobre o colectivo de escritores", dos sociólogos Marc Aguilar e Lluís Mangot. Representantes das delegacións galega e vasca intervirán para expor a situación no seu ámbito territorial, e haberá espazo de debate e reflexión.

As asociacións de escritoras e escritores en catalán, éuscaro e galego formaron a Federación Galeusca o 15 de xuño de 2008, en Poblet, coincidindo co 25 aniversario da reunión anual Galeusca creada para establecer relacións entre os creadores/as de obras literarias na tres linguas minorizadas de España.